



Resolución de 20 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica pola que se suspende o desenvolvemento da pesca marítima de recreo regulada polo Decreto 211/1999 e a Orde de 17 de setembro de 2009.

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional. A evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu da adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta conxuntura. As circunstancias extraordinarias concorrentes trouxeron consigo que, por medio de Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, se declarase o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria orixinada polo COVID-19, ao amparo da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio.

No mesmo senso a Comunidade Autónoma de Galicia declarou a situación de emerxencia sanitaria mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 50-Bis. Venres 13 de marzo de 2020 mediante a RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Pola súa banda, o artigo 7 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitarias ocasionada polo COVID-19 límitase a liberdade de circulación das persoas e se enumeran de xeito restrictivo as únicas causas que poden xustificar a saída do propio domicilio, entre as cales non figura o desenvolvemento de actividades recreativas.





Polo exposto,

RESOLVO

Suspender a actividade de pesca marítima de recreo en calquera das súas modalidades durante a vixencia da situación de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, a 20 de marzo de 2020



Mercedes Rodríguez Moreda

Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

